



NOTA DE PRENSA: O COLECTIVO DE AFECTADOS POLA IMPLANTACIÓN DUNHA ANTENA DE TELEFONÍA MÓBIL EN CEA (VILAGARCÍA DE AROUSA) CONVOCA UN ACTO INFORMATIVO O MARTES 10 DE FEBREIRO ÁS 20,30H NO CENTRO CULTURAL DE CEA.

Ante o crecemento insostíbel e á proliferación caótica de estacións base de telefonía móbil en zonas residenciais cun aumento significativo da “contaminación electromagnética”, aumenta o sentimento de impotencia veciñal ante o risco asociado a estas infraestruturas.

- En setembro do 2008 xa o Parlamento Europeo (1) aprobou unha resolución que, recollendo os consellos da Axencia de Medio Ambiente e do informe Bioiniciativa (2), **constata que “os límites de exposición aos campos electromagnéticos establecidos para o público”** (na recomendación europea de 1999 e vixentes na normativa estatal española de 2001) **“SON OBSOLETOS”, e non protexen debidamente a poboación** (especialmente aos grupos máis vulnerábeis) **e pide a súa modificación**, tendo en conta as recomendacións da Axencia Europea de Medio Ambiente e as normas de emisión máis esixentes xa adoptadas en distintos países da Unión Europea.

- Nos derradeiros anos se fixeron públicos estudos epidemiolóxicos como o do ministerio de saúde austríaco (2008), o estudo israelí publicado pola International Journal of Cancer Prevention (2004), o estudo alemán (2004) tutelado polo Director da Axencia Federal de Protección contra as radiacións alemá; que constatan unha incidencia de cancro de ata 3 a 4 veces maior nas proximidades dunha antena -ata 300-400 metros-

A inxuedanza creada pola tramitación dunha nova instalación de antena base de telefonía nun núcleo habitado en CEA, súmase a crecente preocupación en Vilagarcía ante a concentración antenas de telefonía móbil en zonas residenciais e sensíbeis; cunha normativa estatal que o propio Parlamento europeo considera “obsoleta” e a ausencia dunha normativa local baseada no principio de precaución.

Como un paso máis para a reflexión invitamos a poboación de Cea (e de Vilagarcía en xeral) a un acto que organizaremos o vindeiro martes 10 ás 20,30 h. no Centro Cultural de Cea, onde trala introdución informativa de Julio Carmona (coordinador da campaña polo uso racional da telefonía móbil da Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra) se falará sobre como defender a compatibilidade de noso dereito a saúde coas novas tecnoloxías.

1:

[http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Resolución_Parlamento_Europeo_\(Bioinitiative\).pdf](http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Resolución_Parlamento_Europeo_(Bioinitiative).pdf)

2:

http://www.apdr.info/electrocontaminacion/telef_mov_investigacions.htm#Informe_Bioinitiative